

# 28<sup>a</sup> FESTA DA CARBALLEIRA

6 AGOSTO 11  
ZAS



A.C.CASTRO-MEDA (ZAS)

GRUPO FOLKLÓRICO PALACIO DO REI (LUGO)

BANDA DE GAITAS INLLAR (PONTECESO)


MUXAREGA (AS PONTES-A CORUÑA)

COANHADEIRA (OURENSE)

KORRONTXI (EUSKADI)

FOUR MAN AND A DOG (IRLANDA)

FESTICULTORES TROUPE (GALIZA)





Sábado a partir das 5 da tarde:

Grupos de baile da **A.C Castro-Meda** (Zas)

Grupo folklórico **Palacio do Rei** (Lugo)

Banda de gaitas **Inllar** (Ponteceso)

Sábado a partir das 10 da noite:

**Muxarega** (As Pontes)

**Coanhadeira** (Ourense)

**Korrontzi** (Euskadi)

**Four Man and Dog** (Irlanda)

**Festicultores Troupe** (Galiza)

**Acceso:** 5€, con agasallo de CD conmemorativo do festival con 2 cancións de cada grupo.

**Exposición:** XXVIII Carballeira, do 31 de Xullo ó 7 de Agosto, no Centro de usos múltiples do Concello de Zas.

Máis información en:

<http://www.festadacarballeira.com>

<http://www.facebook.es/festadacarballeira>

Organiza:



## GRUPOS DE BAILE DA A.C CASTRO-MEDA (ZAS)



Formados no 86, na actualidade na escola de baile conta con máis de cincuenta mozos/as do Concello de Zas, sendo o grupo Churúa o máis veterano.

O seu traballo céntrase en recoller e difundir os bailes, músicas e vestiduras da zona, como representación dos xeitos de vivir e de diversión dos nosos avós. Acadaron **importantes premios** en distintos certames e actuaron por toda **Galicia, España, Portugal e Arxentina**.

# GRUPO FOLKLÓRICO PALACIO DO REI (LUGO)



Esta agrupación nace no mes de Novembro do ano 1.995 coa única fin de recoller, ensinar e divulgar o rico folklоре de Galicia.

A súa presentación faina nas Festas patronais do “Ecce Homo”, en Setembro do ano 1.996.

Desde entón o grupo realizou distintas actuacións tanto en Galicia coma en España e en distintos países estranxeiros: Cedeira, Cuntis, Padrón, Santiago de Compostela, Ponteceso, Carballo, Ames, Vigo, Portomarín, Cerceda, Rois, Lestrove, Ferreiros, Pedreda, Meaño, A Estrada, O Grove, Malpica....., Tarragona, Barcelona, L'Hospitalet de Llobregat, Cantabria....., Ilhavo,(Portugal), Rodez (Francia), Katowice (Polonia).

## **BANDA DE GAITAS INLLAR (PONTECESO)**



A banda de Gaitas Inllar nace no ano 1999 baixo a dirección de Manolo Dourado . Actualmente conta con 38 integrantes formados nunha mesma escola de música tradicional dirixida actualmente por Silvana Martínez.

Dende o seu comezo leva participando en diversos festivais entre os que están o Festiletras (Ponteselo) o Festival de Pardiñas en Guitiriz etc. Fóra de Galicia en Cantabria, Salamanca, Huesca etc. Ademais, puido gravar xa un disco chamado “Boa Xera”.

# MUXAREGA (AS PONTES)



MUXAREGA naceu en As Pontes (A Coruña) no ano 1995 como resultado da xuntanza dun grupo de amigos que compartían a mesma inquedanza de facer música folk instrumental a partires de pezas do repertorio tradicional galego. Dende os seus inicios o estilo do grupo apoiouse na música tradicional galega, collendo pouco a pouco e co paso do tempo trazos de músicas dos pobos portugués, bretón, irlandés e incluso italiano. No 1999 incorporase a voz ó grupo, feito determinante na historia do mesmo dado que trocou e enriqueceu o seu estilo musical. Hoxe en día a voz segue a ser un elemento importante en MUXAREGA. Case a metade do repertorio son pezas cantadas, que van dende coplas tradicionais ata algún clásico do rock`n`roll, pasando por pezas do repertorio popular galego. En xaneiro de 2010 o grupo grava o seu primeiro CD "8 Soños", En todos estes anos MUXAREGA ten levado a súa música por innumerables festivais de toda Galicia, con incursións en Portugal e na Bretaña francesa...

## COANHADEIRA (OURENSE)

As “coanhadeiras” eran en algunhas zonas, as persoas (ou a mesma basoira empregada) para separar e recoller os restos que quedaban na aira nas “mallas”.

Esta Coanhadeira musical nace en Ourense no ano 2006, tratando tamén de recoller eses restos da “malla” que sofre a nosa cultura musical, restos

sempre aproveitábeis. Xurde inicialmente como grupo de “gaiteiros”, cunha base e sons eminentemente tradicionais, tanto na formación como nos “escearios” percorridos, chámense festas, romarías e demais eventos lúdico-musicais.

A transformación e a adaptación se cadra están na mesma base da tradición, mais este principio non é sempre ben interpretado. No noso caso, a formación clásica dalgún de nós e a experiencia doutros na música tradicional e folk, mestúranse coas inevitábeis e inconscientes influencias musicais actuais de todo tipo. Engádense instrumentos “non tradicionais”, e sérvese todo cun claro sentimento de pertenza a unha cultura diferenciada, demasiado rica e valiosa como para renunciar ás súas peculiaridades, e sen necesidade doutros “engadidos”.



# KORRONTZI (EUSKADI)



Korrontzi empeza o seu periplo musical en 2004 da man do trikitilari Agus Barandiaran, amante acérrimo da música folk de Euskal Herria, apaixonado da triki, á que sacará fume cada vez que boamente poida. Fundou Korrontzi para iso, xa que intuía que na escena folk de Euskal Herria, podía ter un oco, e tamén noutras terras. Pero había unha condición: facer todo o referente á música da forma máis apropiada e co necesario apoio. Esa é a idea coa que funciona Korrontzi para dotar o folk de Euskal Herria de novas contribucións musicais. Este novo traballo está pensado e escrito con esa sensibilidade, para que o espectáculo que xurda poida ser levado aos sitios máis recónditos. Pero que tipo de espectáculo? A fusión da música folk de Euskal Herria coas súas danzas e as súas tradicións.

**Agus Barandiaran,  
amante acérrimo da  
música folk de Euskal  
Herria e apaixonado da  
triki fundou Korrontzi**

## FOUR MAN AND DOG (IRLANDA)



Entran na escena musical no festival de Belfast Folk Festival en 1990, cunha grande enerxía combinada con fortes melodías de danzas tradicionais e unha inimitable forma de tocar á hora de ofrecer diferentes versións da música tradicional.

Os membros orixinais da banda son o percusionista Gino Lupari, Donal Murphy, acordeón, Brian McGrath e o violinista Cathal Hayden, máis tarde incorporase Daly como cantante.

Máis tarde a formación consistía, guitarrista Arty McGlynn, Doherty, Lupari, Hayden, O'Connor, and Keane. McGlynn, Quen produciu o primeiro álbum que foi o punto de partida da banda e foi nomeado como mellor álbum en 1991. Levan ofrecendo concertos en todo o mundo dende 1993 que é cando editan o seu segundo acompañados polo cantante Mick "The Black Dog" Daly (o can da banda) acompañados por Kevin Doherty, que introduciu máis influencias folks/country/blues que entrelazan coa música tradicional.

Outro dos atractivos da banda é a mestura da música tradicional irlandesa con outros xéneros, rap, rock sureño, jazz, blues, bluegrass, polca, country swing e mesmo salsa.

# FESTICULTORES TROUPE (GALIZA)



Levan máis de 250 actuacións nos seus 5 anos de existencia onde tocaron con artistas como Fanfare Ciocarlia, Gogol Bordello, etc. Ademais de actuar na TVG en múltiples ocasións .

Os Festicultores Troupe presentan para este 2011 un novo espectáculo , "Os Sadomusiquistas" con nova formación e novo repertorio no seu 70 % inédito, pero ca mesma filosofía de sementar a festa.

Este tamén será o ano da gravación do seu 1º Disco " O Sadomusiquismo" que presentarán por tódalas festas do mundo.

¿Qué é o sadomusiquismo?

O sadomusiquismo é a forma de obtención de pracer a través do sufrimento de ter que facer o ridículo en público.

